



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

FASE DE OPOSICIÓN- PARTE I TIPO TEST

PERSOAL LABORAL FIXO CONDUTOR DE CAMIÓN DE LIXO (DECRETO NÚM. 29/2022 DE DATA 26/01/2022)

SINALE CUNHA "X" A RESPOSTA MAIS CORRECTA

1. En que artigo da constitución española regúlase o seguinte dereito: “os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”?

- a) Artigo 17.
- b) Artigo 15.
- c) Artigo 16.
- d) Artigo 14.**

2. En cantos títulos estrutúrase a constitución española?

- a) 10 títulos.
- b) 12 títulos.
- c) 18 títulos.
- d) Título preliminar e 10 títulos.**

3. De acordo co artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non son Entidades Locais territoriais:

- a) O Municipio.
- b) A Provincia.
- c) A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- d) As Mancomunidades de Municipios.**

4. De acordo co artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a organización municipal non responde a algunha das seguintes regras:

- a) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos.
- b) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.
- c) En todos os municipios existirán, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.**
- d) A Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios.

5. Cal das seguintes atribucións non lle corresponden ao alcalde?

- a) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

- b) Ditar bandos.
- c) O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais atribúano expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- d) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.**

6. De acordo ao artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, cal das seguintes afirmacións non é a correcta?

- a) Entenderase por «prevención» o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.
- b) Entenderase como «risco laboral» a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo. Para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade, valoráranse conxuntamente a probabilidade de que se produza o dano e a severidade do mesmo.
- c) Consideráranse como «danos derivados do traballo» as enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- d) Entenderase como «risco laboral grave e inminente» aquel que se materializou nun presente inmediato e supuxo un dano grave para a saúde dos traballadores.**

7. De acordo ao artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, cal dos seguintes principios xerais non é un deles?

- a) Evitar os riscos.
- b) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- c) Substituír o perigoso polo que entrañe similar perigo pero sexa máis práctico para a rutina diaria de traballo.**
- d) Combater os riscos na súa orixe.

8. De acordo ao artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, corresponde á Inspección de Traballo e Seguridade Social a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais. En cumprimento desta misión, terá as seguintes funcións:

- a) Todas as opcións son correctas.**
- b) Asesorar e informar as empresas e aos traballadores sobre a maneira máis efectiva de cumprir as disposicións cuxa vixilancia ten encomendada.
- c) Comprobar e favorecer o cumprimento das obrigacións asumidas polos servizos de prevención establecidos na presente Lei.
- d) Ordenar a paralización inmediata de traballos cando, a xuízo do inspector, advírtase a existencia de risco grave e inminente para a seguridade ou saúde dos traballadores.

9. De acordo ao artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos clasifícanse en:

- a) Funcionarios de carreira; Funcionarios interinos; Persoal eventual e Persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal.**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

- b) Funcionarios de carreira; Funcionarios interinos; Persoal eventual e Persoal laboral, indefinido ou temporal.
- c) Funcionarios de carreira; Funcionarios interinos; Persoal eventual e Persoal laboral, xa sexa fixo ou temporal.
- d) Funcionarios de carreira; Funcionarios interinos e Persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal.

10. De acordo ao artigo 15 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos teñen os seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva, indique a correcta:

- a) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo.
- b) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos e a ser informado polos seus superiores das tarefas para desenvolver.
- c) Á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo.**
- d) Á libre asociación profesional.

11. De acordo ao disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, son empregados públicos...

- a) Quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación funcional para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter estrutural.
- b) Quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.
- c) Quen desempeña funcións retribuídas nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses xerais.**
- d) Ningunha das definicións é correcta.

12. Segundo vos datos máis actualizados do INE a poboación do Concello de Boimorto é de...

- a) 1.943 habitantes.**
- b) 2.123 habitantes.
- c) 1.724 habitantes.
- d) 1.975 habitantes.

13.- Os envases de plástico (botellas, tarros, bandexas de cortiza branca, envoltorios e bolsas de plástico), latas e briks, deberán depositarse nos colectores de cor:

- a) Verde.
- b) Amarelo.**
- c) Azul.
- d) Naranxa.

14.- Se estou collendo contenedores nun camión de carga traseira debería ter en conta:

- a) O peso total do contenedor.
- b) A correcta suxeción no peine ou brazos correspondentes.**
- c) Que esté a tapa aberta.
- d) Tódalas respostas son correctas.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

15.- A definición máis acertada de residuo é:

- a) Calquera sustancia ou obxecto do cal o seu poseedor teña intención de desprenderse.
- b) Calquera sustancia ou obxecto do cal o seu poseedor teña obrigaón de desprenderse.
- c) Ambas respostas son correctas.**
- d) Ambas respostas son incorrectas.

16.- O principal risco deriva dos desprazamentos dos operarios na estribeira do camiión de basura, por elo hai que evitar:

- a) Que a carga do camiión sobresalga.
- b) Que os operarios se senten nos brazos elevadores debido ao seu movemento durante a viaxe.
- c) a, b e d son certas.**
- d) Que os operarios salten ao subir e baixar das estribeiras.

17.- Se tes dúas baterías de 12 voltios e a tensión necesaria para accionar o motor de arranque é de 24 voltios, ¿ cal é a conexión máis axeitada para lograr o voltaxe desexado?

- a) O positivo dunha batería á masa negativa e o outro conectado á alimentación.**
- b) O positivo da batería cun negativo da outra.
- c) O negativo da batería co negativo da outra.
- d) Ningunha resposta é correcta.

18.- ¿ Qué se logra ao manter os neumáticos coa presión correcta?

- a) Que aumente o consumo de carburante do motor.
- b) Que duren máis.**
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Que sexan menos seguros.

19.- Os factores que inflúen sobre a falta de adherencia son:

- a) A velocidade de desprazamento, a presión de contacto e a temperatura.
- b) A velocidade de desprazamento e a presión de contacto.**
- c) A presión de contacto e a temperatura.
- d) Tódalas respostas son correctas.

20.- Son parroquias do Concello de Boimorto:

- a) Cardeiro, Andabao, Brates e Añá.
- b) Boimorto, Boimil, Os Anxeles e Carelle.
- c) Folgoso, Rodieiros, Dormeá e Nogueira.
- d) Ningunha resposta é correcta.**

RESERVA:

1.- Cando a presión de inflado é superior á necesaria, os neumáticos desgantanse máis:

- a) Polo centro da banda de rodamento.**
- b) Polos bordes da banda de rodamento.
- c) Non se desgastan.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

2.- ¿ Onde vai situado o termotasto?

- a) Na parte baixa do radiador, para medir a temperatura do líquido refrixerante.
- b) No interior da culata, xa que é a peza que acada maior temperatura.
- c) Na canalización de saída do líquido refrixerante que vai desde o motor cara a parte superior do radiador.**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

d) Tódalas resposta son incorrectas.

3.- Sinala a resposta correcta:

- a) O contenedor verde é para residuos orgánicos.
- b) O contenedor gris ou marrón para vidro.
- c) a) e b) non son correctas.**
- d) O contenedor amarelo é para os envases.

4.- A válvula de descarga do sistema neumático de freada, ¿ cal é a súa función?

- a) Permitir o paso do aire ao semirremolque.
- b) Evitar sobrepresións no circuito.**
- c) Purgar automaticamente o aire existente nos conductos do líquido hidráulico.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

5.- ¿ Que ríos discurren polo termo municipal do Concello de Boimorto?

- a) Tambre, Batán e Iso.
- b) Fondouces e Pequeno.
- c) Mendo, Maruzo, Ulla e Cabalar.
- d) As respostas a) e b) son correctas.**